

Martes, 27 de outubro de 2020

Núm. 207

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2020 (PROCEDEMENTO SIA 215828)

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 9 DE OUTUBRO POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2020 (PROCEDEMENTO SIA 215828)

BDNS(Identif.):529790

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS):<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

1. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades sen fins de lucro.

2. Obxecto

A Deputación concederá subvencións para as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social, e para as actividades que organicen as entidades culturais sen fins de lucro no seu termo municipal dirixidas a promover, fomentar e difundir o emprego da lingua galega.

3. Lexislación aplicable

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra do 9 de outubro de 2020; Ordenanza provincial de subvencións; Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2020; Lei 38/2003, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións e a demais lexislación de aplicación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:XYEHL6732SOJGO7B



Martes, 27 de outubro de 2020

Núm. 207

4. Contía

A Deputación Provincial de Pontevedra destina a estas subvencións a cantidade de cento vinte mil (120.000) euros.

5. Prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>)

- Gastos subvencionables: os recollidos na base primeira da convocatoria

- Compatibilidade: si

- Forma de pagamento: transferencia bancaria

- Forma de xustificación: mediante a documentación requirida na base décimo segunda da convocatoria

- Prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa: ata o 31 de marzo de 2021

Pontevedra, 22/10/2020

A Presidenta, María del Carmen Silva Rego

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:XYEHL6732SOJGO7B

